



# BOP

XOVES, 20 DE MARZO DE 2025

N.º 065

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 – 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 – Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE

##### *Anuncio*

#### CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIÓN, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCEA COMPETITIVA, NO MARCO DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO RURAL, PARA AS ANPAS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2025

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do Plan Estratégico de Subvencións 2023-2025, da Deputación Provincial de Lugo, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023, está previsto, como obxectivo estratégico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratégicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

As subvencións que se convocan contribúen ao logro do obxectivo específico de execución de programas que teñan as finalidades de: educación e concienciación, a través da promoción de accións encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, mudando a idea que teñen de marchar e escapar do fogar rural familiar; incluído na dita Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca.

A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana, por conservar valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero, por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, o que obriga a mudala antes de que sexa demasiado tarde.

Programas de visitas guiadas dende os centros de educación infantil e primaria provinciais ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento de identidade da nosa cultura. Ternos que afastar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

De cara a alcanzar estes obxectivos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 14 de marzo de 2025, prestou aprobación ás bases e á convocatoria que canalizarán a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrenza competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincia de Lugo, na anualidade 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS), procédese á publicación do texto íntegro das referidas bases canalizadoras e da convocatoria das subvencións.

**BASES CANALIZADORAS DAS SUBVENCIÓN, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCEA COMPETITIVA, NO MARCO DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO RURAL, PARA AS ANPAS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2025**

#### **Exposición de motivos**

“A educación ambiental propón un gran obxectivo para a escola: capacitar aos nenos e nenas na análise da súa realidade e actuar de forma reflexiva, valorando a repercusión das accións no medio”.

Esta declaración de Alejandro Tiana Ferrer, Secretario de Estado de Educación, é unha clara expresión do valor e o papel que a educación ambiental desempeña a nivel global na nosa sociedade e, en especial, na mocidade. Neste particular, resulta indispensable o traballo fóra da aula para que as novas xeracións comprendan e se sensibilicen coa realidade actual.

Asemade, non hai dúbida de que unha visita a unha granxa é un excelente recurso educativo, xa que ofrece un gran valor social e didáctico, mediante a realización de actividades axeitadas e adaptadas aos/as nenos/as, desenvolvendo varios dos obxectivos propostos na educación infantil.

Esta oferta formativa é moi beneficiosa, xa que, a través dela, pódense experimentar, en primeira persoa e de xeito impactante, moitos aspectos da contorna natural e dos seres vivos que nos rodean. O/a neno/a ve de primeira man todo o que desde a escola non pode aprender sen unha experiencia de observación na que entra en contacto directo coa realidade.

Polo tanto, a realización dunha saída a unha granxa resulta interesante, relevante e beneficiosa para o alumnado, podéndolle amosar e facilitándolle coñecer o seu propio medio, as características dos cultivos implantados na súa contorna e dos animais que viven nela, o seu comportamento e os seus coidados, así como coñecer e poñer en valor as actividades, usos e costumes que de forma tradicional se foron realizando na contorna rural.

Por maior abastanza, nun contexto como o actual, resulta fundamental darlle apoio ao sector primario mediante a posta en valor e a promoción dos produtos de proximidade e de calidade que xeran, como estratexia para avanzar cara a unha meirande soberanía alimentaria.

A educación e concienciación dos/as nenos/as e mozos/as tamén encaixa dentro deste obxectivo, achegándoos a contornas onde se realizan actividades agrícolas e gandeiras, permitíndolles un maior coñecemento e valorización do sector primario, así como das producións locais.

Doutra banda, a diversificación da obtención de ingresos co desenvolvemento de actividades educativas por parte das explotacións agrarias é outro dos obxectivos da política agraria europea, coherente á súa vez co obxectivo de diversificar e complementar a oferta das explotacións, a través de subprodutos e a vinculación do sector coa paisaxe e o turismo.

Por estas razóns, resulta fundamental a existencia de explotacións agrícolas e gandeiras que aborden tarefas de educación da poboación provincial, e mesmo se especialicen nese labor, constituíndose en elemento de unión do rural coa mocidade, dedicadas a ofrecer servizos educativos relativos ás actividades agropecuarias vincelladas ao sector primario da provincia de Lugo.

Asemade, a comunidade educativa demanda a diversificación dos servizos ofrecidos, de xeito que se constitúan en elemento innovador para dotar aos docentes de ferramentas axeitadas e subministren aos mozos unha formación motivadora e de calidade. Ademais, os servizos dirixidos á comunidade educativa adocean dun custo ás veces demasiado elevado, o que pode determinar un prezo do servizo disuasorio para os grupos de escolares.

Ademais disto, existe unha idea negativa respecto aos espazos rurais, promovéndose a idea xeral de que os/as mozos/as teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permiten dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen e afastar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratégico de Subvencións 2023-2025, da Deputación Provincial de Lugo, ten por obxectivo específico a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de: *“educación e a concienciación, por ser un aspecto fundamental. Coa promoción de accións encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, preténdese inverter a idea de que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, e temos que tender a mudala antes que sexa demasiado tarde. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento identitario da nosa cultura. Temos que alonxar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras”*.

Polo exposto, dende a ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, e MOCIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ponse en marcha, no ano 2025, a cuarta edición do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincia de Lugo; e procédese á publicación do texto íntegro das bases canalizadoras das subvencións e da súa convocatoria, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obligatorio polos interesados.

## Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de axudas dirixidas ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (no sucesivo, ANPAS) da provincia de Lugo, para a formación en proxectos de emprendemento rural, a través da realización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, así como de obradoiros nos propios centros escolares.

## Base 2.- Régime de concesión

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en régime abreviado de concorrida competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG) e no artigo 21.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº9, do 11 de xaneiro de 2024 - no sucesivo, OXS-), ata esgotar o crédito dispoñible; de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 5 e 8, de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 6 e sen necesidade da constitución de órgano colexiado para a avaliación das solicitudes.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida pola Base 8, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo.

## Base 3.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión destas subvencións terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da LSG, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra alguma das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase aos beneficiarios destas subvencións da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A efectos da información para a Base de Datos Nacional de Subvencións, estas subvencións: encádranse dentro do sector económico de outras actividades asociativas (código sector económico 94.9); coa finalidade de outras actuacións de carácter económico (código finalidade 18); non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, e non prevíndose modificación algúnhha desta situación (código impacto de xénero 2); e na modalidade de subvención (código instrumento da axuda SUBV).

## Base 4.- Oferta formativa

A ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO MANTÉN UN CONTACTO CONTINUO COS PRODUTORES DO SECTOR PRIMARIO PROVINCIAL, A TRAVÉS DAS ASOCIACIONES CON MAIOR REPRESENTACIÓN NESTE ÁMBITO.

Co obxecto de asegurar a maior eficiencia na utilización dos recursos públicos e de acadar con plenitude os obxectivos perseguidos coa posta en marcha do Programa "Da escola á granxa", realizáronse consultas ás ditas asociacións coa finalidade de coñecer as explotacións e entidades mellor capacitadas para a organización de visitas e/ou o desenvolvemento de obradoiros e xornadas divulgativas, primando, ante todo, a calidade das actividades a realizar.

Tamén se procurou non excluír nin prexudicar ou limitar a ningún centro escolar por razón da súa localización xeográfica no ámbito provincial.

De todo elo derivou unha relación de proxectos de emprendemento agrario que garanten o cumprimento dos citados obxectivos, e coas que se mantivo un contacto individualizado a efectos de coñecer en profundidade as actividades ofrecidas por cada unha delas e a súa calidade.

En definitiva, escollerónse produtores e entidades de referencia no seu ámbito, así como con experiencia na organización de actividades con escolares, que, ademais, estiveran distribuídos equitativamente por toda a Provincia, de xeito que a distancia non fora impedimento para que ningún centro escolar se acollera ao Programa.

Tamén se procurou dispoñer dunha oferta formativa variada, incluíndo a produtores de distintos ámbitos do sector agrícola e gandeiro, tales como a produción de froitas, hortalizas e vexetais, faba de Lourenzá, produtos lácteos, mel, castañas, ovos, gando ovino, vacún, cabalar, cabrún, porcino e aviar.

Asemade, ao obxecto de non excluír nin prexudicar ou limitar aos centros escolares con dificultades para a realización de desprazamentos, engadíronse entidades capacitadas para a realización de obradoiros e/ou xornadas divulgativas nos propios centros escolares, tamén con experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións.

As ditas explotacións e entidades figuran no anexo IV. Asemade, o catálogo da oferta formativa, no que se sinalan os prezos das visitas e actividades organizadas por cada produtor, así como o número máximo de alumnos que poden participar simultaneamente en cada unha das visitas, estará dispoñible para a súa

consulta na páxina web da Deputación <https://www.deputacionlugo.gal/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>

#### **Base 5.- Beneficiarias**

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria da Provincia de Lugo que organicen visitas con alumnos de educación primaria dende os centros escolares ata algunha/s das explotacións relacionadas no Anexo IV.

No caso de centros escolares nos que o número total de alumnos non supere a cantidade máxima de participantes admisible en cada visita, segundo se establece no catálogo da oferta formativa, ademais dos alumnos de primaria, poderán participar na dita visita os alumnos de educación infantil, ata completar o número máximo de participantes por actividade.

Tamén poderán ser beneficiarias as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria que organicen, no propio centro escolar, actividades dirixidas a alumnos de educación primaria, que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoiros ou xornadas divulgativas realizados por algunha das entidades relacionadas no Anexo IV.

Ao igual que no caso das visitas, no caso de que o total de alumnos do centro escolar non supere o número máximo de participantes establecido no catálogo da oferta formativa para cada obradoiro, ademais dos alumnos de educación primaria, poderanse engadir os alumnos de educación infantil, ata completar o número máximo establecido para cada obradoiro.

As ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria poderán ser beneficiarias das subvencións en calquera das dúas modalidades sinaladas, para o cal poderán presentar as súas solicitudes conforme ao establecido na Base 8.

As ANPAS terán a condición de beneficiarias das subvencións, debendo nomear, en todo caso, a un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumplir as obligas que, como beneficiarias, lles correspondan.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescripción previsto nos artigos 39 e 65 da LXS.

As beneficiarias deben cumplir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obligas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade e difusión, incluíndo as súas redes sociais (no suposto de que disponan delas), do financiamento das actividades obxecto da subvención por parte da Área de Rural, dependente da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluir contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 8.

#### **Base 6.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas**

A contía total máxima destinada a estas actividades é de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025.

O importe das axudas para cada actividade será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 5 e 8, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 1.000 € por visita ou obradoiro.

A dita contía máxima fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total das actuacións subvencionadas, xa que, a lo menos, o seu 5 % deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2025, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

## Base 7.- Carácter das subvencións

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual, non xerando ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos: poderá revisalas, previa instrución do procedemento establecido ao efecto; reducillas, nos supostos de execución parcial, nas condicións establecidas nestas bases; e declarar a perda, total ou parcial, do dereito a percibillas, nos supostos de falta de xustificación ou cando esta sexa insuficiente.

En calquera caso, a Deputación de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade, civil, mercantil, laboral, ou de calquera outra orde, que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

## Base 8.- Presentación de solicitudes

As ANPAS interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Esta convocatoria e Bases serán publicadas, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, na sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no endereço electrónico: [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal) > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrenza, dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).

As interesadas deberán presentar unha solicitude para cada actividade a subvencionar, independentemente da/s modalidade/s elixida/s (segundo o disposto na Base 5). Asemade, cada ANPA poderá ser beneficiaria, inicialmente, de ata 6 solicitudes de visitas ou obradoiros de entre todas as que presente, tendo en conta a orde de presentación de cada unha delas, dando preferencia ás feitas en primeiro lugar, ata a cantidade de 6, e quedando as que excedan deste número en reserva. O número máximo de obradoiros por ANPA será de dous.

Cada explotación incluída no Anexo IV e no catálogo da oferta formativa (publicado na páxina web da Deputación) poderá recibir un máximo de seis visitas. Do mesmo xeito, o número máximo de alumnos por visita será o que veña determinado, para cada explotación, no devandito catálogo.

Cada explotación recibirá as visitas das ANPAS que o solicitaran en primeiro lugar. As solicitudes de subvención para a visita ás explotacións que chegaran ao número máximo delas resloveranse concedendo a subvención, de ser o caso, segundo a orde de preferencia que se reflicta no anexo I da solicitude. A estos efectos, as entidades solicitantes das subvencións deberán indicar no anexo I ata seis explotacións para as que se solicita a subvención, por orde de preferencia.

De encontrarse tamén esgotado o cupo da segunda explotación que figure no anexo I, procederase do mesmo xeito coa terceira, cuarta, quinta e sexta opción.

Se, chegado o caso, non se poderá conceder a subvención, por estar cuberto o cupo das seis explotacións para as que se solicitou, desestimarase a solicitude.

No caso dos obradoiros, o número máximo a realizar por cada unha das dúas entidades que figuran na oferta formativa será de 15; sendo a limitación, no referente ao número máximo de alumnos por obradoiro, de 30, tal e como se reflicte no catálogo da oferta formativa.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

- a) Solicitud para a organización de visitas dende os centros escolares ata algunha/s das granxas relacionadas no Anexo IV (Anexo I).
- b) Solicitud para a organización, no propio centro escolar, de actividades que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos/as nosos/as agricultores/as (Anexo I.bis).
- c) Certificación da capacidade de obrar do/da representante da entidade, para a tramitación da subvención (Anexo II).
- d) Copia dos estatutos da entidade, inscritos no rexistro de asociacións correspondente.
- e) Copia do NIF da entidade.
- f) Copia do DNI do/a representante da entidade.
- g) Declaración conxunta (Anexo III).

- h) No suposto de que o importe acumulado das subvencións solicitadas supere os 3.000 €, certificados acreditativos de que a entidade solicitante está ao corrente no cumplimento das súas obligas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social (se non consta autorización á Deputación para solicitalos).

#### **Base 9.- Procedemento de concesión e criterios de determinación do importe da subvención**

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que establece que as subvencións cuxa concesión se realice polo procedemento previsto no seu artigo 19.2 poderán tramitarse por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formularase ao órganio concedente directamente polo órganio instrutor, que únicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá, en ningún caso, o órganio avaliador ao que se refire o artigo 21 da dita Lei.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida na Base 8, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o seu expediente estea completo.

O importe da subvención correspondente a cada unha das solicitudes será determinado pola aplicación das porcentaxes establecidas na Base 6.

#### **Base 10.- Premio non económico**

Nas anteriores edicións deste Programa, a ÁREA de Medio Rural e do Mar, e Mocidade adquiriu exemplares dun Libro-guía do dito Programa, para a súa difusión, como complemento as actividades desenvoltas nas distintas visitas e obradoiros, que foron entregados aos nenos participantes en aquel. Asemade, nas dúas edicións anteriores, concedéuse un premio consistente na visita dos Bolechas corpóreos aos centros escolares aos que pertencían as entidades beneficiarias gañadoras de aqueles.

Debido ao éxito que estes libros tiveron, en boa parte por ser Os Bolechas os seus protagonistas, nesta edición está prevista, de novo, a concesión do premio consistente na visita dos Bolechas corpóreos ao centro escolar ao que pertenza a entidade beneficiaria gañadora de aquel.

Para a concesión deste premio, celebrarase un sorteo, por insaculación, entre todas as entidades beneficiarias, é dicir, introduciranse papeletas nunha bolsa, en cada unha das cales figurará o nome de cada unha das entidades beneficiarias, para logo sacar unha ao azar, que será a gañadora do citado premio.

Asemade, serán extraídas tres papeletas, cos nomes das entidades beneficiarias que formarán unha listaxe de reserva, para o suposto de que a entidade gañadora do premio non o aceptara expresamente, nos termos establecidos nos parágrafos seguintes.

O dito sorteo realizarase por un funcionario da Deputación de Lugo que preste servizos na ÁREA de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en presenza do secretario da entidade, que exercerá a función de fe pública.

O nome da entidade gañadora do sorteo publicarase xunto coa resolución definitiva de concesión das subvencións, debendo aquela aceptar expresamente o premio no prazo de tres días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da dita publicación, para que, no caso de non aceptalo, este poida ser concedido á primeira das entidades que se atope na listaxe de reserva.

Neste suposto, a concesión do premio á reservista seralle notificado, concedéndolle un prazo de tres días hábiles, a contar desde o día seguinte á recepción da notificación, para a súa aceptación ou rexeitamento. De non aceptar o premio, procederase do mesmo xeito coa segunda e terceira reservistas.

No caso de que ningunha destas entidades acepte o premio, quedará deserto o sorteo.

#### **Base 11.- Instrucción do procedemento**

A ÁREA de Medio Rural e do Mar, e Mocidade será o órganio responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisar as solicitudes presentadas, e verificar que estas conteñen a documentación esixida, así como que as solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que nelas concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarias.

Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirá á solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da recepción do requerimento, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, terase por desistida da súa petición, previa resolución que lle será notificada.

Sendo que a prelación das solicitudes validamente presentadas e que cumpran os requisitos establecidos nestas Bases farase únicamente en función da data de presentación dentro de prazo (considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo), poderán obter as subvencións únicamente as solicitudes que se atopen dentro dos límites de crédito dispoñible nesta convocatoria, ao abeiro do disposto no artigo 21.5.a) da OXS.

### **Proposta de concesión provisional**

A Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, á vista do expediente e previa fiscalización, efectuará proposta de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A dita proposta de concesión provisional incluirá, ademais, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nestas bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación das datas nas que aquellas foran presentadas, a efectos de que poidan adquirir tamén a condición de beneficiarias, seguindo os criterios establecidos na Base 8 e no suposto de que se produzcan renuncias nos termos previstos na Base 16.

A proposta de concesión provisional será notificada ás interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP, por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido no artigo 45.3 da mesma Lei, e concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de concesión provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **Proposta de concesión definitiva**

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polas interesadas, o órgano instrutor, previa fiscalización, formulará a proposta de concesión definitiva, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación; así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A dita proposta de concesión definitiva incluirá, ademais, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nestas bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, nos termos e cos efectos previstos no apartado anterior.

### **Base 12. Resolución de concesión das axudas**

Unha vez formulada a proposta de concesión definitiva, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo resolverá o procedemento a través de resolución motivada, na que quedarán acreditados no procedemento os seus fundamentos, e na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas ás que se conceden as subvencións e na que constará, de maneira expresa, a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A dita resolución incluirá, ademais, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nestas bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, nos termos e cos efectos previstos na Base anterior.

Na publicación da resolución definitiva de concesión das axudas incluirase o nome da entidade gañadora do premio regulado na Base 10, nos termos e aos efectos nela previstos.

A resolución de concesión das subvencións será notificada ás interesadas por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido nos apartados 1.b) e 3 do artigo 45 da LPACAP.

Notificada a concesión definitiva, as interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producira manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Dita resolución poñerá fin á vía administrativa, polo que contra a mesma cabré interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén procederá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día siguiente ao da súa publicación no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

O prazo máximo para resolver e notificar a concesión ás interesadas será de seis meses, contados a partir da data da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, as interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da LPACAP.

#### **Base 13.- Modificación da resolución**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, fora dos casos permitidos nestas Bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 17.4 da LSG.

#### **Base 14.- Prazo de execución da actividade**

O prazo de execución das actividades subvencionadas estenderase dende a data de publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia ata o 31 de decembro de 2025.

#### **Base 15.- Subcontratación das actividades subvencionadas polas beneficiarias**

Enténdese que unha beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 29 da LXS, a beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, a realización da actividade subvencionada, sen que, en ningún caso, poidan subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen un valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados só ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respete a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 da LXS, para permitir a axeitada verificación do respecto á natureza e contía dos gastos subvencionables.

#### **Base 16.- Renuncias**

A renuncia á subvención poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da LPACAP.

De producirse a/s renuncia/s con anterioridade ao 1 de outubro de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da/s subvención/s á solicitante que se encontre en primeiro lugar na relación (prevista na Base 12) de solicitudes que, cumplindo coas condicións establecidas nestas bases para adquirir a condición de beneficiarias, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, seguindo os criterios establecidos na Base 8; sempre e cando coa/s renuncia/s por parte de algunha/s das beneficiarias se liberara crédito suficiente para atender, polo menos unha das solicitudes denegadas.

Cando o número de renuncias supoña unha liberación de crédito suficiente para atender todas as solicitudes da entidade que se atope en primeiro lugar na antes citada relación, a/as seguinte/s renuncia/s poderán dar lugar á concesión da/s subvención/s á solicitante que ocupe o segundo lugar nela, nos mesmos termos citados no parágrafo anterior; seguindo sucesivamente o mesmo procedemento se se producirán novas renuncias con posterioridade.

No caso de producirse renuncia/s con posterioridade ao 30 de setembro de 2024, as beneficiarias serán penalizadas, na edición do mesmo Programa para o ano 2025, co paso directo das súas solicitudes ao último lugar da listaxe de reserva á que se refire a Base 11.

#### **Base 17.- Xustificación das subvencións**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención efectuarase na modalidade de conta xustificativa ordinaria do gasto realizado, constituíndo a súa rendición un acto obligatorio da beneficiaria, na que se deben incluir, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, no prazo de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade. En calquera caso, o prazo máximo para a presentación da conta xustificativa será o 31 de marzo de 2026.

Logo de transcorrer o prazo establecido no parágrafo anterior sen que a conta xustificativa fora presentada ante esta Deputación Provincial, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriríase á beneficiaria da subvención para que, no prazo improrrogable de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requerimento, sexa presentada.

Así mesmo, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polas beneficiarias, porao no seu

coñecemento, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, para a súa corrección.

A falta de presentación da conta xustificativa da subvención no citado prazo ou a xustificación insuficiente levará aparellada a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

### Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de execución establecido na Base 14.

Deste xeito, no caso de visitas a granxas e explotacións agropecuarias, serán subvencionables os gastos de transporte dende o centro escolar ata calquera das granxas ou explotacións incluídas na relación do Anexo IV, así como os de participación na visita e realización das actividades didácticas e de aprendizaxe a realizar na mesma.

No caso de organización, no propio centro escolar, de actividades que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoiros ou xornadas divulgativas, serán subvencionables os gastos nos que teñan que incorrer as ANPAS para a súa realización por terceiros.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido nos parágrafos anteriores.

Os tributos son gasto subvencionable cando a beneficiaria da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran subvencionables os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

### Documentación xustificativa

As contas xustificativas de cada unha das actuacións subvencionadas presentaranse a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no endereço electrónico: [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal) > sede electrónica > trámites xerais > presentación de escritos; dirixíndoas ao centro xestor "Medio Rural"; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da LPACAP.

As contas xustificativas deberán integrar a seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos, debidamente asinada polo persoal responsable (Anexo V).
- b) Relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, descripción do gasto, así como os gastos que se afecten á Deputación (Anexo VI).
- c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.
- d) Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou ao seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo en data \_\_\_\_\_" asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Respecto ao contido das facturas, estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obligas de facturación. Aplicarase a normativa vixente en cada momento.

- e) No suposto de que o importe acumulado das subvencións concedidas supere os 3.000 €, certificados acreditativos de que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social (se non consta autorización á Deputación para solicitalos).
- f) Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas, ou entidades públicas ou privadas, para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada (Anexo VII).
- g) Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos (Anexo VII).
- h) Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade e nos medios que se utilizaron para darlle difusión á actividade subvencionada, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero (Anexo VII).
- i) Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo III da solicitude de concesión da subvención. Así mesmo, no suposto de que o importe acumulado das subvencións concedidas a unha mesma ANPA supere os 3.000 €, o centro xestor deberá xuntar (se consta autorización para solicitalos) os certificados acreditativos de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Presentadas as contas xustificativas, o centro xestor comprobará, no prazo de seis meses, a contar desde a data de finalización do prazo de xustificación das subvencións, a corrección da documentación achegada, a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinaron a súa concesión ou goce, así como a adecuación dos gastos realizados, nos termos establecidos na OXS, nos parágrafos anteriores, e no Acordo de concesión.

Unha vez realizada a comprobación, da que se emitirá o correspondente informe do servizo ou centro xestor, formularase polo mesmo centro, previa fiscalización da Intervención provincial, proposta de aprobación das xustificacíóns presentadas ou, de ser o caso, de inicio de expediente/s de perda do dereito ao cobro da/s subvención/s.

## Reducións

No caso de que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións o Entes, públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, procederase á redución da súa contía ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados pola beneficiaria non alcance o importe da subvención concedida, reducirase o seu importe en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que as actuacións deberán ser financiadas polo beneficiario, cando menos, nas porcentaxes establecidas na Base 6, se do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esas porcentaxes, reducirase a subvención ata que os recursos propios alcancen aquelas.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento da interesada.

## Base 18.- Pago da subvención

O pago das subvencións ás beneficiarias será realizado mediante transferencia bancaria, previa presentación por aquellas das contas xustificativas que acrediten a realización das actuacións para as que se concederon, nos termos establecidos na Base anterior; e tamén previa emisión, polos Servizos desta Deputación Provincial, dos correspondentes informes e da resolución de aprobación de aquellas pola Presidencia.

Non procederá o pago das subvencións mediante pagos a conta ou anticipos.

Non se poderá realizar o pago da subvención namentres a beneficiaria non acredite estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou mentres sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

**Base 19.- Plan de auditoría anual**

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, poderase levar a cabo un Plan de Auditoría Anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

**Base 20.- Incumplimentos e obrigas de reintegro**

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que a debedora o ingrese, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impediran.
- b) Incumplimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.
- e) Resistencia, escusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumplimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumplimento das obrigas imposta pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da LSG, no artigo 37 da OXS, e na demais normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumplimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita Xurisdicción.

Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da LXS.

## Base 21.- Régime de recursos

O Acordo de aprobación das presentes Bases e anexos pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén poderá ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da citada publicación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

## Base 22.- Vixencia e modificación das Bases

As presentes Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que estean vixentes.

A vixencias das Bases comezará no momento da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, manténdose vixentes durante o prazo máximo fixado para o aboamento das subvencións, que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2026.

## Base 23.- Protección de datos

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais obtidos como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982 260 000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982 180 004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes relativos ás solicitudes das subvencións reguladas nestas Bases.

A base de lexitimación deste tratamento é o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao seu responsable, e dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos persoais solicitados son de carácter obligatorio, polo que non achegalos supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

Non está prevista a comunicación de datos nin a transferencia internacional dos mesmos.

## Base 24.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta Bases, estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo nº 9, do 11 de xaneiro de 2024 -OXS-).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025, e normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de governo da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As restantes normas de derecho administrativo e, para o non previsto nas mesmas, as normas de Dereito privado.

#### **Disposición Adicional Primeira.- Declaracións responsables**

As declaracións responsables previstas nestas Bases producirán os efectos previstos no artigo 69 da LPACAP.

Lugo, 14 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 04/07/2023, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0687

---

## **CONCELLOS**

### **BURELA**

#### *Anuncio*

En virtude do establecido no artigo 21.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local e artigos 53.2, 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### **FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Visto a providencia de Alcaldía do 11.03.2025, na que solicita informe sobre a necesidade e oportunidade de modificar a delegación efectuada en materia económico-financeira por resolución da Alcaldía de data 26.06.2023 a favor da Xunta de Gobierno Local, consistente na aprobación de liquidacións definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan a súa orixe en expedientes dos que a competencia corresponda á Xunta de Gobierno Local.

Visto o informe de Tesourería 2025-0003 do 12.03.2025, emitido de conformidade co establecido no artigo 5.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que conclúe que, no momento de adoptarse pola Xunta de Gobierno a resolución administrativa referente á concesión dunha licencia urbanística debe aprobase unha liquidación provisional da taxa pola devandita licencia urbanística, así como unha liquidación provisional a conta do imposto sobre construcións, instalacións e obras, sen prexuízo de que, unha vez rematadas as obras e mediante a oportuna comprobación administrativa, se aprobe a liquidación definitiva que corresponda polas obras finalmente executadas; e, en consecuencia, considérase que, para que exista correlación entre as delegacións efectuadas en materia económico-financeira e de urbanismo e licencias, procede modificar a delegación efectuada na Xunta de Gobierno.

#### **RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.** Modificar a delegación efectuada na Xunta de Gobierno Local da seguinte atribución: (...) C) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCIERA: (...) 5.- Aprobación de liquidacións de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan a sua orixe en expedientes dos que a competencia corresponda á Xunta de Gobierno Local (...).

**SEGUNDO.** Publicar no Boletín Oficial da Provincia esta modificación de delegación de atribucións na Xunta de Gobierno Local, sen prexuízo de que produza efecto desde o día seguinte ao da data do Decreto.

**TERCEIRO.** Dar conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre con posterioridade.

Burela, 14 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0688

---

## **CHANTADA**

#### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 11/03/2025probouse o Padrón de contribuíntes obligados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro do 2025 terá lugar neste municipio dende o día 12 de marzo de 2025 ata o día 12 de maio de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 11 de marzo de 2025.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0689

#### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 10/03/2025 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a febreiro 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a febreiro 2025 terá lugar neste municipio dende o día 11 de marzo de 2025 ata o día 12 de maio 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 11 de marzo de 2025.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0690

#### GUITIRIZ

#### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo da Escola Municipal de Música correspondente ao segundo prazo do curso 2024/25, que comprende un total de 68 recibos por un importe de 3.540,00 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzcan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo da Escola Municipal de Música correspondentes ao segundo prazo do curso 2024/25, terá lugar dende o día 11/03/2025 ao 12/05/2025 (ambos incluídos).

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. Guitiriz, na data que figura na sinatura electrónica.

Guitiriz, 10 de marzo de 2025.- A Alcadesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0691

### *Anuncio*

#### **DEIXAR SIN EFECTO A PUBLICACIÓN DO CONCELLO DE GUITIRIZ DE DATA 14 DE MARZO DE 2025.**

Con data 14 de marzo de 2025 publicase no Boletín Oficial de Provincia de Lugo anuncio de exposición pública da aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico de 2025 do Concello de Guitiriz.

Habéndose detectado un erro posto que o mesmo xa fora publicado no BOP de Lugo de data 11 de xaneiro de 2025 procedese mediante a presente publicación a deixar sin efecto o anuncio publicado con data 14 de marzo de 2025.

Guitiriz, 14 de marzo de 2025.- A Alcadesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0692

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de febreiro 2025, integrado por 20 recibos por importe total de 7.003,25 €.

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzcan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de centro de día correspondente ao mes de febreiro 2025, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuyentes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 21 de febreiro de 2025.- A Alcadesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0693

### **LOURENZÁ**

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCIMENTO PERIÓDICO**

**Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Febreiro de 2025.**

#### **EDICTO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 12 de marzo de 2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Febreiro de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil oitocentos nove euros con oitenta e cinco céntimos de euro (3.809,85€) , tres mil trescentos cincuenta e catro euros con doce céntimos de

euro(3.354,12€) correspondente a dependencia , e catrocentos cincuenta e cinco euros con setenta e tres céntimos de euros (455,73€) son de libre concorrenza.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunicase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 14 de febreiro de 2025.- A Alcadesa, Dª. Rocío López García.

R. 0694

---

#### **PARADELA**

##### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 12 de marzo de 2025, aprobou as **Bases da XXXI Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López**. Modalidade: narrativa, poesía e Camiño de Santiago, co seguinte tenor literal:

##### **“PRIMEIRA.- Participantes.**

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose unha soa obra por categoría e autor.

##### **SEGUNDA.- Categorías e requisitos das obras.**

###### Narrativa:

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo, mecanografadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

###### Poesía:

As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambas categorías, deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

###### Modalidade Especial Camiño de Santiago.

Cos mesmos requisitos sinalados nos parágrafos anteriores, e sendo en Paradela un fito no Camiño Francés, a cen quilómetros do final do Camiño, convócase de novo no certame a modalidade relativa ao “Camiño de Santiago”.

Nesta modalidade concorrerán de xeito conxunto tanto as obras de narrativa coma as de poesía.

##### **TERCEIRA.- Presentación das obras.**

O prazo de entrega iniciase o día un de outubro de 2025 e rematará o trinta de novembro de 2025. Enviarase un único exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

## CONCELLO DE PARADELA

### Certame literario

(Modalidade Poesía/Narrativa/Especial Camiño de Santiago) Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15

27611 Paradela-Lugo

En sobre aparte e pechado constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico á conta [oix.paradela@eidolocal.es](mailto:oix.paradela@eidolocal.es), deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, e que conterá no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, dirección de correo electrónico (no seu caso) e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica, co título da obra.
- O título da obra.

Os arquivos serán custodiados pola Secretaría do Concello, entregando únicamente ao Xurado a obra.

No caso de participación nos tres apartados, deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado, facendo constar a modalidade "poesía", "narrativa" ou "especial Camiño de Santiago".

En cumprimento do establecido en materia de protección de datos, Regulamento UE 679/2016 e LOPDGDD 3/2018 o CONCELLO DE PARADELA, como Responsable do tratamento, con enderezo Rúa Cabaleiros de Santiago, 15. 27611 PARADELA- LUGO, infórmalle de que os datos facilitados conforme ás bases deste certame, e por tanto, en base ao seu consentimento, utilizarémos coa finalidade de poder xestionar a súa inscrición e participación no "Certame Literario Manuel- Oreste Rodríguez López". Conservaremos os seus datos ao menos mentres dure o Certame ou mentres dispoñamos do seu consentimento. Os seus datos non serán cedidos salvo obrigacións legais. Non está prevista a transferencia internacional de datos salvo con fines de almacenamento e en todo caso mediante garantías adecuadas.

Pode contactar co responsable, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición ao tratamento, dirixíndose mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou por e-mail ao endereço [dpd.concello.paradela@eidolocal.es](mailto:dpd.concello.paradela@eidolocal.es). Ten dereito a reclamar ante a Autoridade de Control de protección de datos. Para información adicional pode consultar no noso Concello a través do correo [dpdconcello.paradela@eidolocal.es](mailto:dpdconcello.paradela@eidolocal.es).

### CUARTA.- Premios.

#### Modalidade narrativa:

1º Premio: Mil euros (1.000,00 €).

2º Premio: Cincocentos euros (500,00 €).

#### Modalidade poesía:

1º Premio: Mil euros (1.000,00 €).

2º Premio: Cincocentos euros (500,00 €).

#### Modalidade especial Camiño Santiago

1º Premio: Mil euros (1.000,00 €).

O xurado reservase a facultade de conceder dous accésits de douscentos cincuenta euros (250,00 €), en cada categoría, asemade poderá conceder ata dúas mencións de honra como máximo, de douscentos cincuenta euros (250,00 €) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

### QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2026 e farase público polos medios de comunicación e nas páxinas web do concello [paradela.es](http://paradela.es) e [concelloparadela.es](http://concelloparadela.es), comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio en calquera das categorías obxecto do certame, e a súa decisión será inapelable.

**SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.**

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Unha vez producido o fallo dos premios, accésits e mencións de honra, os autores que resulten galardoados non poderán solicitar que non se publique a obra.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXXI Edición.

**SÉTIMA.- Prerrogativas.**

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria é de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.”

Paradela, 17 de marzo de 2025.- A Alcadesa-Presidenta, M.<sup>a</sup> Montserrat Mulet Sar.

R. 0706

**RÁBADE***Anuncio*

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, mediante Resolución da Alcaldía de data 10 de marzo de 2025, aprobouse a oferta de emprego de emprego público ordinaria para 2025 que comprende a praza de persoal funcionario dotada no orzamento da Corporación, co seguinte detalle:

Persoal funcionario:

Nº vacantes	Denominación	Escala/Subescala	Grupo	Tipo de persoal
1	Arquitecto/a (50% xornada)	Administración Especial/ Técnica	A1	Funcionario de Carreira

Persoal laboral fixo:

Nº vacantes	Denominación	Xornada	Grupo	Tipo de persoal
1	Operario/a de servizos varios	Xornada completa	V	Laboral fixo

Contra a citada Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día siguiente ao da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente.

Rábade, 10 de marzo de 2025.- A Alcadesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0695

**RIBAS DE SIL***Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 12/03/2025 o padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2025; por medio do presente exponse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as

reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establecese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 13 de marzo de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 0696

## SARRIA

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCIMIENTO PERIÓDICO**

#### **PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

#### **EDICTO**

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servicio de axuda no fogar do **MES DE FEBREIRO DE 2025**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servicios sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido no artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunicáse como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestacion do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na legislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 14 de marzo de 2025.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0697

## O SAVIÑAO

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCIMIENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0062, de data 12 de marzo de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de xaneiro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servicios

Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seránllas adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 12 de marzo de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0698

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCIMIENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL**

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0063, de data 12 de marzo de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de febreiro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seránllas adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 12 de marzo de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0699

### **O VICEDO**

#### *Anuncio*

Resolución da Alcaldía do 17 de marzo de 2025 do Concello do Vicedo pola que se eleva a definitiva a relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria relativa á provisión en propiedade da praza de auxiliar administrativo de administración xeral; se nomea ao Tribunal cualificador e se cita para a constitución do mesmo e para a celabración do primeiro exercicio do proceso selectivo.

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto na base cuarta das “Bases de convocatoria para a selección e provisión, mediante oposición libre, dunha praza de auxiliar administrativo de administración xeral, vacante na plantilla de persoal funcionario do Concello do Vicedo” publicadas no BOP de Lugo de 12 de agosto de 2024;

## RESOLVO

Primeiro.- Non habéndose presentado reclamacións á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de auxiliar administrativo, declaro definitivamente aprobada a relación de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

ADMITIDOS		
APELIDOS E NOME	DNI	
ALONSO DOMÍNGUEZ, MIRIAM	***9891**	
ANTUÑA CARBALLÉS, MARÍA ROSA	***8506**	
CALVO TORQUEMADA, EVA M <sup>a</sup>	***7808**	
CID MÉNDEZ, MARÍA CÁNDIDA	***7057**	
DÍAZ GÓMEZ, DAVID	***7965**	
EGUIZÁBAL ELÍAS, MARÍA CONCEPCIÓN	***9112**	
FERRO RIVERA, FÁTIMA	***3833**	
FUNGUEIRIÑO PAZOS, JOSÉ LUIS	***2824**	
GÓMEZ MARTÍNEZ, MARTINA	***8475**	
GONZÁLEZ ÁLVAREZ, ALBERTO	***8364**	
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, NATALIA	***9549**	
INFANTE BALTAR, MÓNICA	***9681**	
LÓPEZ RIVEIRA, CLAUDIA	***9190**	
LORENZO CASTAÑO, LETICIA	***8115**	
LOZANO PARDIÑO, PABLO JOSÉ	***5144**	
MARTÍNEZ MARTÍNEZ, PILAR	***5370**	
MARTÍNEZ YÁÑEZ, OLAYA	***3652**	
ORIZALES ÁLVAREZ, MARÍA DEL CARMEN	***2852**	
PEÓN CARRACELAS, LIA	***1358**	
PÉREZ GARCÍA, RITA MARÍA	***8958**	
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, VERÓNICA	***8003**	
SAN ISIDRO VÁZQUEZ, MARTA	***3628**	
SANJUÁN PALMEIRO, ROCÍO	***9052**	
VARELA GESTOSO, ANTÓN	***1572**	
VÁZQUEZ PAJÓN, YOLANDA	***9232**	

EXCLUÍDOS		
APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)
DÍAZ ÁLVAREZ, AINARA	***5447**	Falta anexo II
GARCÍA PEREIRAS, ANA BELÉN	***4369**	Falta anexo II

Segundo.- Declarar subsanado por partes das seguintes aspirantes a acreditación do nivel de galego esixido na base segunda, ou superior:

APELIDOS E NOME	DNI
ALONSO DOMÍNGUEZ, MIRIAM	***9891**
VÁZQUEZ PAJÓN, YOLANDA	***9232**

Terceiro.- Designar aos membros do Tribunal Cualificador:

PRESIDENTE

Titular: Dona María Valiña Garrido, secretaria- interventora do Concello de Mañón

Suplente: Dona Mª Natividad Rubido Martínez, traballadora social do Concello de Mañón.

VOGAL 1

Titular: Don Pablo Dorado Lanza, arquitecto técnico municipal do Concello do Valadouro.

Suplente: Dona Lucía Fanego Candia, administrativa de administración xeral do Concello do Valadouro.

VOGAL 2

Titular: Don José García Insua, técnico medio recadador do Concello de Cervo.

Suplente: Don Manuel Fra Pedre, administrativo de administración xeral do Concello de Cervo.

VOGAL 3

Titular: Dona Alejandra Cal Chao, administrativa de administración xeral do Concello de Ourol.

Suplente: Dona María del Carmen Fraga Cuadrado, auxiliar administrativa de administración xeral do Concello de Ourol.

SECRETARIO

Titular: Don Alfredo Sesar Peón, secretario-interventor do Concello do Vicedo.

Suplente: Don Fernando Aguirre Vigo, secretario-interventor do Concello de Parada do Sil.

Segundo o previsto nas bases xerais, o Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación, no caso de ser necesario, de persoal asesor naquelhas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista e/ou de colaboración nas tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto.

Cuarto.- Citar ás persoas que forman parte do tribunal, para que comparezan o día 22 de abril de 2025, ás 9:30 horas, no Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira idade do Concello do Vicedo, sito na rúa Cidade de Mondoñedo, número 23, O Vicedo, para a súa constitución.

A realización do primeiro exercicio comezará o día 22 de abril de 2025 ás 10:00 horas no Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira idade do Concello do Vicedo, tendo os aspirantes que presentar documentación identificativa.

Quinto.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo (<https://concellodovicedo.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios da Corporación.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso potestativo de reposición perante o Alcade, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpor Vde. Calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O Vicedo, 17 de marzo de 2025.- O Alcalde-Presidente, D. José Jesús Novo Martínez.

R. 0707

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial de expediente de suplemento de crédito númer. 2025/SC/01**

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 13/03/2025, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos númer. 2025/SC/01, do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 44.673,63€, financiado con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, 17 de marzo de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0708

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) - DEPUTACIÓN

### *Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBIERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DO 14 DE MARZO DE 2025, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCEA COMPETITIVA, NO MARCO DO PROGRAMA `DA ESCOLA Á GRANXA`, DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO RURAL, PARA AS ANPAS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2025

BDNS (Identif.): 821310

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, públicase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/821310>)

#### Primeiro.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (no sucesivo, ANPAS) dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria da Provincia de Lugo que organicen visitas con alumnos de educación primaria dende os centros escolares ata algunha/s das explotacións relacionadas no Anexo IV.

Tamén poderán ser beneficiarias as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria que organicen, no propio centro escolar, actividades dirixidas a alumnos de educación primaria, que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoiros ou xornadas divulgativas realizados por algunha das entidades relacionadas no Anexo IV.

As ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria poderán ser beneficiarias das subvencións en calquera das dúas modalidades sinaladas, para o cal poderán presentar as súas solicitudes conforme ao establecido na Base 8.

#### Segundo.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrenceia competitiva, no marco do Programa "Da escola á granxa", de axudas dirixidas ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (no sucesivo, ANPAS) da provincia de Lugo, para a formación en proxectos de emprendemento rural, a través da realización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, así como de obradoiros nos propios centros escolares.

#### Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”, de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincia de Lugo, na anualidade 2025, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

#### Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas actividades, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2025, é de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900.

O importe das axudas para cada actividade será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumplan os requisitos establecidos nas Bases 5 e 8, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 1.000 € por visita ou obradoiro.

A dita contía máxima fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total das actuacións subvencionadas, xa que, a lo menos, o 5% deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2025, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

#### Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

As ANPAS interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 14 de marzo de 2025.- O presidente, P.D. Decreto do 04/07/2023, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 0743

---